

Julia Otero PREGÓN MONFORTE (Agosto 2018)

Estimados paisanos monfortinos: non vou dicirllles, porque xa o saben, a honra que supón para mim estar no meu pobo, hoxe, facendo o saque de honra das festas patronais, **cortando simbolicamente esta cinta, non con tesoiras, senón con palabras que deben pregoar aos catro ventos que a capital da Ribeira Sacra está preparada para gozar da música, a festa, as longas comidas e a boa compañía.**

Dicia o vello profesor Tierno Galvan -unha frase que hoxe non pasaria o filtro da corrección política- **que os pregóns tiñan que ser como as saias das mulleres, “cortos e que amosen algunha cousa”.** Como mínimo, intentei que sexa breve.

Os visitantes deben saber que son benvidos e que **elixiron tan ben o seu destino estival, que xa lles aviso que volverán.**

A Monforte vólvese, sempre se volve. Primeiro porque case todos nos fomos. **Os galegos pasámonos a vida facendo as maletas.** E os monfortinos non íamos ser menos, claro.

Houbo un tempo pasado, contábame o meu avó Manuel, de enorme prosperidade ferroviaria, a que converteu **Monforte nunha paisaxe chea de trens, máquinas de vapor e unha auténtica praia de vías.** Ou sexa, houbo un tempo en que esta cidade non tiña mans suficientes para sacar adiante o encargo histórico de converterse en cruzamento de camiños entre Castela, León, Asturias e Galicia.

A estación da RENFE, da que partín un día cando era tan pequena que namais lembro o que a miña nai sempre me contou, foi durante lustros un motor económico que trouxo ao Val de Lemos a familias chegadas doutros lugares en busca dunha vida mellor.

Até que empezaron a **esquecernos** e a **desmantelarnos** o futuro. Corrían os anos sesenta e a miña aldea, a Penela, como case todas as aldeas gallegas, despediu a centos, miles, de mozos, unha xeración enteira que tivo que procurar en terra estraña, lonxe da súa Galicia, a forma de gañarse a vida.

A morriña sería moita, así que a distracción principal daquelas parellas novas xa sabemos cal foi: o *baby boom*.

Pero aquela inxente cantidade de criaturas naceron xa noutro sitio, por iso España crecía vertiginosamente, pero Galicia non. E aí seguimos, envellecendo os vellos e facéndolle a maleta, como sempre, aos mozos.

Non sei se vostedes sabían que emigrar é un **dereito**, hai que foderse (e perdoen vostedes o tecnicismo). Como o oen, a Constitución do 78

contempla a “liberdade de emigrar”, ou sexa, os galegos somos case libertinos, uns viciosos do “dereito” a irse.

Durante os 60 e os 70 España ía ben, que xa saben que case nunca ten que ver con que aos españois lles vaia ben. **Centos e centos de millóns entraban polos Pirineos en forma de divisas: o diñeiro dos emigrantes foi o maná co que se construíron estradas, pantanos, tendidos eléctricos...** Pois ben, 26 de cada 100 emigrantes españois eran... galegos, 1 de cada 4.

O poder agradecéunolo invertindo ese diñeiro noutras rexións: precisamente nas mais ricas, nas industrializadas. En Galicia non. Tal como chegaban as remesas de diñeiro ás Caixas de aforro de aquí, saían rapidamente cara outros destinos da península, a financiar industrias que importaban, iso si, man de obra galega. Un detalle!

O galego é como Clint Easwood nas películas do oeste, sempre o dedo no gatillo, sempre a man agarrada a unha maleta. Sempre calados e resignados.

Como escribiu Castelao hai un século, "**Galicia só merecerá respecto cando abandonemos a nosa mansedume. O galego non protesta, emigra.**"

Iso si, chegaba o mes de agosto e todos volviamos para a festa. Os nenos nados ou criados lonxe do Val de Lemos (en Frankfurt , en París, en Barcelona, en Múnich, en Madrid, en Londres... poño exemplos da miña propia familia), **volviamos á aldea e sentiámonos raros, desarraigados.**

Aquí, os meus pais e eu eramos os cataláns. Alí, en Cataluña, eramos os galegos. **Ou sexa, a nosa identidade decidíana os demais.**

Nas frecuentes charlas da miña nai coa nai de Joan Manuel Serrat, veciñas de portal en Barcelona, unha

aragonesa e a outra da Penela, falaban de que a **patria estaba onde pacían os fillos.**

Hai unha parte de verdade niso, aínda que eu creo que a **patria non existe, son os pais...** Os pais, os fillos, os amigos, os avós. Ou sexa, a **patria é a xente que queremos e coa que nos identificamos como animais sociais que somos.**

E, desde logo, **as raíces culturais ábreñse paso no noso comportamento, case sen darse conta.**

Por exemplo, eu **sei que son galega** porque cando convido aos meus amigos a xantar ou a cear, preparo o triplo de comida do que sería razonable.

Non me pregunten por que pero os galegos medimos a satisfacción como anfitrións a **que os invitados saian cebados da nosa casa.**

Supoño que o ADN cultural é poderoso e os recordos da nenez, máis aínda. E volvo a lembrar as festas de Monforte: Cando chegaban estes días, a

casa dos meus avós convertíase **por uns días nunha especie de pousada.**

Entre as 2 do mediodía e as 6 da tarde –que menos que sentar 4 horas coa familia- servíanse os entrantes, os **entremeses, o cocido, os garavanzos, a col, o lacón, o chourizo, a orella, o cabrito asado, o brazo de xitano, o roscón e a rosca, e os doces de coco.** Eramos case 30 e iso que a miña familia era pequena.

Os homes comían e as mulleres da casa fregaban pratos sen parar porque a vaixela de louza -a das festas- era de 24 pezas e nin poñendo os pratos de Duralex de diario alcanzaba para servir tanto animal. **Refírome aos mortos e asados, claro.**

Coa autoridade que me confire ser filla do músico que fundou a orquestra Mofortina nos anos 50, o **mellor trompetista que escoitou xamais o Val de Lemos,** podería contarles hoxe aquí as mil e unhas

historias que o meu pai viviu por estas terras, tocando coa súa orquestra de aldea en aldea.

Cantas veces contoume de nena, por exemplo, a historia de aquel cura que prometeu **sacar o polo como remate da comida para os músicos** e, en efecto, sacouno. Vivo e sobre a mesa, o bicho acabou coas faragullas e deixou o mantel como unha patena. Ou aquel compañeiro que sempre collía o cacho de lacón más grande e cando, cansos xa, llo reprocharon os demais, respondeu, "**vós collieriades o cacho más pequeno?... pois aí volo deixo, carallo!**"

As festas patronais **enchen sempre Monforte** e cónstame que o concello procura estar á altura das expectativas, programando actuacións de primeiro nivel.

Durante uns días, **o paseo do Cardeal encheráse de vida, de terrazas a rebordar, de idas e vindas de**

propios e forasteiros. A explanada da Compañía bailará ao son da boa música; atoparémonos nos concertos da praza de España, pasearemos entre multitudes polo Malecón... **Viviremos a alegría de ver chea de vida e xente a nosa cidade.**

Pero agosto terminará, levará aos veraneantes e Monforte volverá soñar con vellos tempos prósperos que non volveron. Sei que o día que empeza a festa hai que **saír chorado da casa e deixarse de tristura**, pero quero aproveitar para dicirlles ao mozos que, antes de coller a maleta, pensen, inventen, arrisquen, esixan, pelexen, se pregunten que poden facer pola **súa cidade e polo seu futuro. Que non esperen que outros o fagan por eles. Que non se conformen!!**

Un veterano político galego contoume non hai moito a súa teoría **das dúas formas de ser galego:** a dos que se van e a dos que quedan. **Os primeiros**

traballan unidos, axúdanse, emprenden, son competitivos, ambiciosos, teñen iniciativas, non recelan sen razón. **Os que quedan, como dicía Castelao,** déixanse levar pola mansedume, sempre tan cómoda para o poder.

Empezan as festas da **capital da Ribeira Sacra**. Aí, na Ribeira, **temos un tesouro que debemos converter nunha esperanza de futuro e traballo para a xeración que nace hoxe en Monforte**. Hai que saír aí fóra a contarlle ao mundo as paisaxes da Ribeira; hai que falarlles **do viño, do Miño, do Sil, dos socalcos da vendima heroica, do románico, das feiras...Hai que pelexar por vivir aquí e do noso.**

Que veñan vernos **de todo o mundo, que se aloxen en bos establecementos rurais, que se lles faga auga na boca nos nosos restaurantes, que durman no Parador de San Vicente ou en hoteis o pensions**

acolledores e con encanto, que compren nas nosas tendas e leven produtos da terra.

Inventemos o futuro, recuperaremos para o turismo rural casas de pedra dos avós que estan caíndo, cuidemos o aspecto e servizo de tendas, bares e restaurantes. !Aproveitemos que a historia e a xeografía nos situaron nun lugar privilexiado!.

Hai que ter ambición, unir forzas, e crear porvir. Traballemos por un turismo de calidade. Porque non vira solo, hai que chamalo e ofrecerlle o mellor.

Pero diso ocuparémonos despois do día 15. Hoxe temos outro compromiso: **formar parte da festa e celebrar a vida.**

Monfortinos, Monfortinas... facede o favor de ser felices!!!